



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)  
correo@sansadurnino.dicoruna.es  
R.E.L. n\_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560-SAN SADURNIÑO  
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

### ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

## **ORDENANZA FISCAL Nº 16** **REGULADORA DA TAXA POLOS SERVICIOS ASOCIADOS Á** **CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVIS NAS** **DEPENDENCIAS MUNICIPAIS**

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no artigo 20.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de San Sadurniño establece a seguinte taxa reguladora dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís nas dependencias municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Será obxecto desta taxa o conxunto de servizos asociados á celebración de matrimonios nas dependencias municipais do Concello de San Sadurniño, especialmente a organización do acto polo departamento da Secretaría da Alcaldía-Protocolo.
2. Non se inclúe nesta taxa nin a tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin a expedición posterior do libro de familia.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

Artigo 4º.- Cota tributaria

- 1.- A cota pola prestación do servizo sinalada no artigo 2 da presente ordenanza ascende:
  - a) Si algún dos contraentes está empadroado no Concello de San Sadurniño: 100 euros
  - b) Noutro caso: 180 euros
- 2.- As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 5º.- Obriga de pagamento.

1. A obrigación de pagamento da taxa reguladora nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude- que sempre facilitará o Negociado da Secretaría Particular da Alcaldía e Protocolo- no Rexistro Xeral do Concello.
2. Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a pertinente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realiza-lo

ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presenta-la correspondente solicitude.

3. No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude, e antes da comunicación da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen do servizo solicitado, precederase á devolución de oficio do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza.
4. A celebración de vodas civís estará supeditado ós actos propios do Concello. A Alcaldía, mediante resolución, aprobará el reglamento no que se dispondrá o calendario, o réxime de delegacións nos membros da Corporación, e demais extremos relativos a prestación do servizo.

#### **Disposición Final.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.